

I.E.S. AS BIZOCAS
CURSO 2019-2020

PROGRAMACIÓN
DEPARTAMENTO
EDUCACIÓN PLÁSTICA,
VISUAL E AUDIOVISUAL
-EPVA-

Índice

1. Introducción e contextualización	páxina 4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave <ul style="list-style-type: none">• Perfil de competencias 1ºESO• Perfil de competencias 3ºESO• Perfil de competencias 4º ESO	páxina 5 páxina 27 páxina 52
3. Concreción dos obxectivos para cada curso <ul style="list-style-type: none">• 1º ESO• 3º ESO• 4º ESO	páxina 7 páxina 30 páxina 54
4. Temporalización, grao mínimo e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe. <ul style="list-style-type: none">• 1º ESO• 3º ESO• 4º ESO	páxina 12 páxina 32 páxina 57
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia. <ul style="list-style-type: none">• 1º ESO• 3º ESO• 4º ESO	páxina 18 páxina 39 páxina 62
6. Materiais e recursos didácticos. <ul style="list-style-type: none">• 1º ESO• 3º ESO• 4º ESO	páxina 19 páxina 38 páxina 65
7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado. <ul style="list-style-type: none">• 1º ESO• 3º ESO• 4º ESO	páxina 22 páxina 46 páxina 66
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente <ul style="list-style-type: none">• 1º ESO• 3º ESO• 4º ESO	páxina 23 páxina 47 páxina 67
9. Plan de seguimento e recuperación de materias pendentas.	

<ul style="list-style-type: none"> • 3º ESO • 4º ESO 	<p>Páxina 47 páxina 68</p>
<p>11. Deseño da avaliación inicial.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º ESO • 3º ESO • 4º ESO 	<p>Páxina 24 páxina 43 páxina 67</p>
<p>12. Medidas de atención á diversidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º ESO • 3º ESO • 4º ESO 	<p>Páxina 25 páxina 49 páxina 68</p>
<p>13. Concreción dos elementos transversáis que se traballarán no curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º ESO • 3º ESO • 4º ESO 	<p>Páxina 26 páxina 49 páxina 70</p>
<p>14. Actividades complementarias e extraescolares programadas para o curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º ESO • 3º ESO • 4º ESO 	<p>Páxina 26 páxina 50 páxina 70</p>
<p>15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º ESO • 3º ESO • 4º ESO 	<p>Páxina 26 páxina 50 páxina 70</p>

PUNTO 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A procedencia do alumnado é maioritariamente da vila do Grove, das parroquias de San Vicente e San Martiño. Esta procedencia xeográfica, ademais do grupo socioeconómico ao que pertencen.

Canto ao seu grupo socioeconómico, debemos salienta o predomínio do sector servizos relacionado coa hostalaría, ao tratarse dunha zona turística, e o sector primario ao que se adscriben os labores de marisqueo e pesca.

Neste curso a comunidade escolar do IES As Bizocas está formada por aproximadamente 180 alumnas/os.

O Dto de EPVA imparte clase a tres grupos de 1º ESO, de 19 persoas cada un, dous grupos de 3º ESO, de 20 e 20, e un grupo de 4º ESO de 12 persoas.

Esta asignatura conta con dúas horas á semá para impartir os estándares de aprendizaxe da programación en 1º e 3º ESO, e de tres horas na de 4º ESO.

Este Dto. ten, a maiores, a responsabilidade de atender ás necesidades do alumnado do centro que ten esta asignatura pendente de cursos anteriores.

O alumnado de 4º ESO ten como principal cualidade o feito de que é de carácter voluntario, optativo. Isto fai que a motivación soa ser maior, o que repercute no feito de que se acaden cotas de aprendizaxe mais altas. Isto, xunto có feito de que son 3 horas á semá faino moi alentador

Alumnado de EPVA para o curso 19-20:			
CURSO	TOTAL	REPETIDORES	PENDENTES
1ºESO A	19	2	0
1ºESO B	19	2	0
1ºESO C	16	2	0
2ºESO A	-	1	4
2ºESO B	-	0	3
3ºESO A	20	0	0
3ºESO B	20	2	0
4ºESO A	2	2	2
4ºESO B	9	1	2
TOTAL (116)	105	12	11

1º ESO

PUNTO 2. PERFIL COMPETENCIAL EPEVA

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
--------------	----------------------------------	----------------	---

Estándares de aprendizaxe	Clasificación	Competencia Clave
1º-EPVAB1.1.1 - Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.2.1 - Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.2.2 - Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.2.3 - Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.3.1 - Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	Transversal	EPEVA_R4_CCL_EO
1º-EPVAB1.4.1 - Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	Transversal	EPEVA_R4_CCL_EO EPEVA_R5_CCL_EE
1º-EPVAB1.4.2 - Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.4.3 - Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.4.4 - Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	Específico da Materia.	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.5.1 - Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.6.1 - Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.7.1 - Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.7.2 - Utiliza o lápiz grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais

homoxéneas ou degradadas.		
1º-EPVAB1.7.3 - Experimenta coas témporas aplicando a técnica de diferentes formas (pincheis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB1.7.4 - Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes mátericas e figuras tridimensionais.	Transversal da materia	EPEVA_R1_PMT
1º-EPVAB1.7.5 - Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	Transversal da Materia	EPEVA_R1_PMT
1º-EPVAB1.7.6 - Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	Transversal da Materia	EPEVA_R1_PMT
1º-EPVAB1.7.7 - Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB2.1.1 - Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB2.1.2 - Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB2.1.3 - Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	Transversal da Materia	EPEVA_R1_PMT
1º-EPVAB2.2.1 - Distingue símbolos de iconos.	Transversal	EPEVA_R2_CSC_TG
1º-EPVAB2.2.2 - Deseña símbolos e iconas.	Transversal da Materia	EPEVA_R1_PMT
1º-EPVAB2.3.1 - Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	Transversal da Materia	EPEVA_R1_PMT
1º-EPVAB2.4.1 - Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB2.5.1 - Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.	Transversal	EPEVA_R4_CCL_EO
1º-EPVAB2.5.2 - Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	Específico da Materia	Conciencia e expresións culturais
1º-EPVAB3.1.1 - Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.2.1 - Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.3.1 - Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.4.1 - Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.5.1 - Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.6.1 - Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.7.1 - Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.8.1 - Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	Específico da Materia	CMCT

1º-EPVAB3.9.1 - Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.10.1 - Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.10.2 - Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.11.1 - Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	Transversal	EPEVA_R5_CCL_EE EPEVA_R4_CCL_EO
1º-EPVAB3.12.1 - Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.13.1 - Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.14.1 - Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.15.1 - Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.16.1 - Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.17.1 - Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.18.1 - Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Específico da Materia	CMCT
1º-EPVAB3.19.1 - Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	Específico da Materia	CMCT

PUNTO 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
-------	---------------------------	---------	---

En principio non imos desenvolver este punto xa que o propio currículo oficial recolle para cada EA cal é o obxectivo de etapa co que está vinculado.

A continuación preséntanse as rúbricas que se van empregar en 1ºESO para levar a cabo a avaliación de competencias.

RÚBRICA CAA EPEVA				
EPEV_R2_CAA	0	1	2	3
Responsabilidade e materiais	Raramente utiliza o material de xeito responsable	Non ten plena conciencia da necesidade de aproveitar o material no taller.	Fai un bó aproveitamento do material na maior parte das ocasións.	Fai sempre un aproveitamento idóneo do material no taller.
Creación presentación	Realiza un traballo artístico que necesita ser revisado e realizado novamente.	Realiza un traballo artístico que ocasionalmente necesita ser revisado.	Realiza un traballo artístico de calidade aceptable.	Realiza un traballo artístico da máis alta calidade.
Uso adecuado das ferramentas	Fai un uso irresponsable das ferramentas no taller.	Fai un uso ocasionalmente irresponsable das ferramentas no taller.	Fai un uso responsable das ferramentas no taller.	Fai sempre un uso moi responsable das ferramentas propias deste taller.
Cumprimento das normas do taller	Raramente cumpre as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre nalgunhas ocasións as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre na maior parte das ocasións as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre constantemente as normas de funcionamento e seguridade no taller.

RÚBRICA PARA EVALUAR a competencia social e cívica en EPEVA

EPEVA_R1_CSC	0	1	2	3
CONTRIBÚE ÁS METAS DO GRUPO	Contribúe có logro das metas soamente cando se lle pide	Contribúe ocasionalmente ao logro das metas	Contribúe ao logro das metas sen que se lle pida aceptando e cumprindo o seu rol dentro do grupo	Traballa activa e conscientemente para o logro das metas aceptando o cumprindo o seu rol dentro do grupo
CONSIDERACIÓN HACIA OS DEMAIS	Necesita que se lle lembre ocasionalmente ser coidadoso cós sentimentos dos demais	Amosa coidadeo cós sentimentos dos demais	Demostra e expresa sensibilidade hacia os demais alentándoos a participar	Demostra sensibilidade hacia os sentimentos e necesidades de aprendizaxe dos demais. Valora o coñecemento e habilidades dos outros membros do grupo alentándoos a participar
CONTRIBUCIÓN DE COÑECEMENTO	Contribúe con información soamente cando se lle pide	Contribúe con información ocasionalmente cando se lle pide ou se lle lembra facelo	Contribúe con información e habilidades sen ter que pedirlo.	Contribúe conscientemente e activamente con información , opinións e habilidades sen ter que solicitarlo.
TRABALLO E HABILIDADE PARA COMPARTIR COS DEMAIS	Contribúe en realizar os cambios necesarios soamente cando se lle pide pero sempre ou casi sempre deixa que os demais fagan o traballo	Participa ocasionalmente en realizar os cambios necesarios cando se lle pide pero sempre necesita que se lle lembre o que debe facer	Participa voluntariamente en realizar os cambios. Xeralmente realiza o traballo asignado e poucas veces necesita que se lle lembre	Axuda ao grupo a identificar os cambios necesarios e alenta ao grupo para realizalos. Sempre realiza o traballo asignado e njnca precisa que se lle lembre.

RÚBRICA PARA EVALUAR A COMPETENCIA en CCEC EN EPEVA				
EPEVA_R3_CCEC	0	1	2	3
1.- Percibe , comprende e enriquecese con diferentes realidades e produccóns do mundo do arte e da cultura.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
2.- Pon en funcionamento a inciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
3.- Coñece as principais técnicas , recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre

*Suma 9, pero entendemos que é un 10

PUNTO 4. TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
--------------	---------------------------	-------------	---

Estándares de aprendizaxe	Clasificación	Grao mínimo	Temporalización	Procedementos / Instrumentos de avaliación
BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA				
1º-EPVAB1.1.1 - Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.	Específico da Materia	Recoñecer o punto, liña e plano en imaxes de creación propia ou allea.	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Pruebas específicas INSTRUMENTOS: Lectura de imaxes
1º-EPVAB1.2.1 - Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.	Específico da Materia	Analizar o uso da liña en composición artísticas para empregalos como inspiración para creacións gráfico-plásticas.	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das producións do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de eercicios
1º-EPVAB1.2.2 - Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.	Específico da materia	Creación de ritmos visuais mediante o uso do punto, liña e plano en creacións espontáneas.	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
1º-EPVAB1.2.3 - Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou	Específico da Materia	Experimentar as posibilidades expresivas do lápiz de grafito, tono, dureza, creando composicións có punto e a liña	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Produccións motrices e plásticas.

máis libres e espontáneas.				
1º-EPVAB1.3.1 - Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).	Transversal	Realizar composicións para transmitir emocións básicas.	1º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU_R3_CCEO
1º-EPVAB1.4.1 - Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	Transversal	Obtener un 5 en la rúbrica de expresión oral	1º trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica CCL_EO
1º-EPVAB1.4.2 - Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	Específico da Materia	Realiza unha composición básica con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análisis de produccions do alumnado. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
1º-EPVAB1.4.3 - Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	Específico da Materia	Realiza unha composición modular con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análisis de produccions do alumnado. INSTRUMENTOS: Taballo de aplicación e síntese.
1º-EPVAB1.4.4 - Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	Específico da Materia.	Representa tres elementos agrupados aportando información das súas características formais	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produccion do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.
1º-EPVAB1.5.1 - Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.	Específico da Materia	Diferenciar cores primarias e secundarias de cores pigmento.	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Produccions do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios

1º-EPVAB1.6.1 - Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	Específico da Materia	Pasar texturas visuais a táctiles pola técnica do frottage	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballos de aplicación e síntese
1º-EPVAB1.7.1 - Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	Específico da Materia	Utilizar con propiedade unha técnica.	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB1.7.2 - Utiliza o lápiz grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	Específico da Materia	Creación dunha escala de 6 grises, con lápiz de grafito	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
1º-EPVAB1.7.3 - Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	Específico da Materia	Creación de texturas visuais con témperas	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: análise de produccions do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
1º-EPVAB1.7.4 - Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	Transversal da materia	Obter un 5 mínimo na rúbrica	1º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU_R1_PMT
1º-EPVAB1.7.5 - Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	Transversal da materia	Obter un 5 mínimo na rúbrica	1º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU_R1_PMT
1º-EPVAB1.7.6 - Aproveita materiais	Transversal	Obter un 5 mínimo na rúbrica	1º trimestre	

reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	al da Materia			INSTRUMENTO: Rúbrica EPEV_R1_PMT
1º-EPVAB1.7.7 - Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Transversal - específico da Materia	Obter un 5 mínimo na rúbrica	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática INSTRUMENTOS: Lista de control Rúbrica EPEV_R1_PMT
BLOQUE 2: COMUNICACIÓN VISUAL				
1º-EPVAB2.1.1 - Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	Específico da Materia	Diferencia imaxes figurativas de abstractas.	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
1º-EPVAB2.1.2 - Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.	Específico da Materia	Sabe leer imaxes	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Pruebas específicas INSTRUMENTOS: Lectura de imaxes
1º-EPVAB2.1.3 - Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.	transversal da Materia	Crea imaxes con distintos graos de iconicidade a partir dun tema en común	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Producción motriz no taller
1º-EPVAB2.2.1 - Distingue símbolos de iconas.	Transversal	Mínimo un 5 na rúbrica	2º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica de CSC_TG
1º-EPVAB2.2.2 - Deseña símbolos e iconas.	Transversal da Materia	Diseña un símbolo	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Producción motriz no taller
1º-EPVAB2.3.1 - Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.	Transversal da Materia	Crea un cómic de 3 viñetas	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Producción motriz no taller
1º-EPVAB2.4.1 - Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.	Específico da Materia	Identifica os elementos que interveñen na comunicación visual	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Cuestionario INSTRUMENTOS: cuestionario pechado
1º-EPVAB2.5.1 - Identifica e analiza os elementos que interveñen en	Transversal	Mínimo un 5 na rúbrica	2º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU_R2_CCL_EO

actos de comunicación audiovisual.				
1º-EPVAB2.5.2 - Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.	Específico da Materia	Mínimo un 5 na rúbrica	2º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU_ R2_CCL_EO
BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO				
1º-EPVAB3.1.1 - Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.	Específico da Materia	Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra e resalta o triángulo que se forma.	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.2.1 - Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.	Específico da Materia	Traza rectas paralelas e perpendiculares con plantillas	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.3.1 - Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.	Específico da Materia	Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elemntos, utilizando o compás		PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.4.1 - Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.	Específico da Materia	Sabe dividir a circunferencia en seis partes iguais	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.5.1 - Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.	Específico da Materia	Diferencia a escuadra do cartabón	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.6.1 - Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	Específico da Materia	Suma ángulos con escuadra e cartabón	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballos de aplicación e síntese

1º-EPVAB3.7.1 - Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	Específico da Materia	Sabe trazar a bisectriz dun ángulo	3º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas</p>
1º-EPVAB3.8.1 - Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	Específico da Materia	Suma dous segmentos graficamente	3º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballos de aplicación e síntese</p>
1º-EPVAB3.9.1 - Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	Específico da Materia	Sabe trazar unha mediatriz	3º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas</p>
1º-EPVAB3.10.1 - Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	Específico da Materia	Sabe aplicar o teorema de Thales	3º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas</p>
1º-EPVAB3.10.2 - Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	Específico da Materia	Escala unha figura e a reproduce a escala aplicando o teorema de thales	3º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas</p>
1º-EPVAB3.11.1 - Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	transversal	Mínimo un 5 na rúbrica	3º trimestre	<p>INSTRUMENTO: Rúbrica EPEV_ R2_CCL_EO</p>
1º-EPVAB3.12.1 - Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.	Específico da Materia	Diferencia triángulos escalenos, de isósceles de equiláteros	3º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas</p>

1º-EPVAB3.13.1 - Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.	Específico da Materia	Constrúe un triángulo coñecendo os seus tres lados	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.14.1 - Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.	Específico da Materia	Traza as medianas, mediatrices e bisectrices dun triángulo	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.15.1 - Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.	Específico da Materia	Debuxa un triángulo	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballos de aplicación e síntese
1º-EPVAB3.16.1 - Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.	Específico da materia	Diferenciar dous tipos de cuadriláteros	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
1º-EPVAB3.17.1 - Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.	Específico da Materia	Constrúe un paralelogramo dados dous lados consecutivos e unha diagonal	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
1º-EPVAB3.18.1 - Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Específico da Materia	Diferenciar entre polígonos regulares e irregulares	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas
1º-EPVAB3.19.1 - Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.	Transversal da materia	Mínimo un 5 na rúbrica	3º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU_R1_PMT

PUNTO 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
-------	---------------------------	------	---

As concrecións metodolóxicas da materias veñen contempladas no artigo 11 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 120 do 29 de xuño de 2015).

A finalidade esencial da Educación Plástica Visual e Audiovisual é, por unha banda, dotar ao alumnado dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfica plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico.

A ensinanza e a aprendizaxe da área vense facilitados polo desenvolvemento intelectual desde o pensamento concreto ata o pensamento formal. A didáctica desta área debe partir da apreciación do máis próximo para chegar ao máis recuado. Trátase, ante todo, de que o alumno asimile o contorno visual e plástico en que vive. Nesta interacción co contorno teñen un papel importante as manifestacións da arte popular, que poden encontrarse non importa en que lugar e que conteñen valores estéticos cuxa análise e aprecio contribúen a educar a sensibilidade artística. Ao tempo, débese axudar, estimular e intercambiar ideas nas aulas para lograr unha crecente sensibilidade cara ao feito artístico tendo como referencia a obra dos grandes artistas.

A realidade cotiá, tanto natural como de imaxes e feitos plásticos, na que vive inmerso o alumnado e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos medios –cine, televisión, imaxe dixital, etc.–, deberá ser sempre o punto de partida da área.

O principal obxectivo da ensinanza da Educación Plástica e Visual é que o alumnado adquira a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saiba expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Ademais, a concreción da área contribuirá ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Perceptivas e cognitivas, como percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas, identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes e investigar diversas técnicas plásticas e visuais.
- Estéticas e creativas, como apreciar o feito artístico, desenvolver a creatividade e expresar a súa linguaxe persoal.
- Sociais e afectivas, como respectar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual e plástica, relacionarse con persoas e participar en actividades de grupo.
- De planificación, toma de decisións e avaliación, como determinar as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos e revisar ao acabar cada unha das fases.

En suma, a Educación Plástica e Visual:

- Permite o desenvolvemento de actitudes e hábitos de análise e reflexión.

- Proporciona técnicas útiles para enfrontarse a situacións diversas.
- Fomenta o espírito crítico e a creatividade.
- Fai posible a captación da linguaxe das formas, contribuíndo ao desenvolvemento da sensibilidade.
- Permite que se poida chegar a valorar e gozar do patrimonio artístico como expoñente da nosa memoria colectiva.
- Desenvolve a capacidade de abstracción para a comprensión de numerosos trazados e convencionalismos.
- Posibilita a adquisición de destrezas vinculadas á orde e coidado nos procesos de elaboración dos traballos.

A educación é un proceso construtivo no que a actitude que manteñen profesora e alumn@ permite a aprendizaxe significativa. O alumn@ convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía que asegure que o alumn@ poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

Polo que respecta aos recursos metodolóxicos, a Educación Plástica e Visual contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un enfoque curricular coherente e integrador entre todas as áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerese a expresión individual e estimularanse a iniciativa e a espontaneidade. Esta é unha ensinanza activa con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións en vez de esperar a resposta do profesor.

A concreción dos principios plasmarase na busca sistemática da construción de procedementos do seguinte tipo:

- Análise e clasificación de linguaxes visuais do contorno.
- Identificación e comparación de texturas do contorno.
- Descricións, comparacións e representación de formas.
- Diferenciacións e representacións de matices.
- Recoñecemento e utilización de distintos soportes e técnicas.

En relación cos recursos ambientais e materiais teremos en conta que no noso contexto cultural, gran número dos estímulos que recibimos son de natureza táctil ou visual. Esta

información provén de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que provén da actividade e creación humana, onde están incluídos o deseño e as artes en xeral.

Utilizaranse varios métodos didácticos, mesturándoos:

- Interrogativo: preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animalos a participar.
- Indutivo: partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.
- Dedutivo: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.
- Investigativo: propiciar procesos de busca e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.
- Dialéctico: chegar a conclusións tras sucesivas fases de análise e síntese entre todos.

PUNTO 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
-------	---------------------------	------	---

En canto aos materiais específicos necesarios para o desenvolvemento da materia serían os seguintes:

- **Libro de texto** . Editorial SM, CELME. (só de uso na aula. Cando sexa preciso facilitaránse fotocopias ao alumnado que irán adxunto ao seu portfolio)
- **Portfolio** tamaño **DIN A3**. Editorial SM, CELME. (será utilizado coa idea de crear un ideario de todo o que se vai ensinando na aula. Tanto no ámbito máis teórico, como no práctico)
- Recursos informáticos de diversos tipos:
 - **Software**: , GIMP (retoque de imaxes), de libre configuración, LibreCAD (debuxo técnico)
 - **Recursos interactivos** dispoñibles en internet.
 - **Vídeos** de carácter divulgativo.
 - **Presentacións** dispoñibles en internet e as elaboradas por este departamento.
- **Materiais de taller**: a aula taller de EPEVA dispón de:
 - tres piletas de porcelana con auga corrente
 - tres dispensadores de xabón
 - un armario para o almacenaxe, baixo chave, de traballos de cada alumna/o
 - 12 mesas de debuxo técnico reclinables, e 12 taburetes regulables en altura.
 - reproducións, 2, de esculturas clásicas en escaiola.
 - un ordenador
 - un proxector

- unha pantalla de proxección.
- un corcho que cubre a parede do fondo do taller
- unha pizarra verde, de tiza.
- Unha pizarra branca, para rotulador.
- material funxible:
 - plantillas (escuadra e cartabón)
 - témperas
 - pinceis de distintos grosos e durezas,
 - cúters.
- táboas de madeira para protexer as mesas de debuxo cando se procede a poñer en práctica técnicas que poidesen dañar as mesas de debuxo.

PUNTO 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
--------------	---------------------------	----------------	---

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EPEVA 1º ESO

GRUPO EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
ESPECÍFICOS DA MATERIA	- PORTFOLIO (40%) - PROBAS ESPECÍFICAS (30%) - OBSERVACIÓN DIRECTA (10%) (LISTA DE CONTROL)	80 %
CSC	EPEV_R1_CSC	8 %
CAA	EPEV_R2_CAA	7 %
CCEC	EPEV_R3_CCEC	5 %

* Esta distribución de pesos das distintas competencias pode presentar algunha variación en función do desenvolvemento das clases en cada grupo específico de alumnado. Se nalgún trimestre non fose posible a avaliación mediante rúbrica dalgunha das competencias citadas se incrementaría nese valor a porcentaxe (%) do peso dos EA específicos.

* Estos criterios serán válidos para cada unha das tres avaliacións. A nota final será a media aritmética das tres avaliacións, as 3 terán o mesmo peso na final. Pero ningún dos 3 trimestres pode facer media se non obtivo un mínimo de 4 como calificación. O alumnado cunha nota menor de 4 terá que mellorar esta nota mediante repeticións dalgunha das creacións/exercicios ou repetir unha proba escrita.

*Haberá unha proba escrita de recuperación da 1ª avaliación ao escomezo do 2º trimestre. Igualmente, haberá unha recuperación da 2ª avaliación ao escomezo do 3º trimestre. Na 3ª avaliación farase esta recuperación antes das sesións de avaliacións.

* No caso de descubrir a unha persoa copiando nunha proba escrita se lle anularía e nesta porcentaxe levaría 0% a sumar cō resto. Se lle da para aprobar xa pode quedar así. En caso de que queira poderá presentarse á proba escrita de recuperación que terá lugar no escomezo do seguinte trimestre, a mesma oportunidade que se lle da o resto do alumnado do seu grupo.

*A competencia social e cívica será avaliada mediante observación directa cumplimentando unha lista de control un mínimo de 10 veces en cada trimestre. O desenrolo desta asignatura depende en gran medida de que cada persoa traia nas 2 citas semanáis as ferramentas necesarias para levar á práctica as tarefas e proxectos. Si esto non é así, estará interrompindo o normal desenrolo da clase, tanto a nivel social como persoal.

* Se nalgún trimestre non fose posible a avaliación mediante rúbrica dalgunha das competencias citadas se incrementaría nese valor a porcentaxe (%) do peso dos EA específicos.

* No cálculo do promedio dos EA específicos teránse en conta os estándares impartidos e non os programados.

*A *avaliación extraordinaria* de **setembro** consistirá nunha proba escrita. Terá que ser superada cunha cualificación igual ou superior a cinco (5). Dita proba será o único elemento a ter en conta para a superación da asignatura. Igualmente, para a elaboración de dita proba teranse en conta só os estándares impartidos durante o curso, non os programados.

PUNTO 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
--------------	---------------------------	----------------	---

Farase un seguimento periódico de todo o proceso de traballo no desenvolvemento da materia, de maneira que se poidan analizar as súas características os acertos os erros e as posibles modificacións que permitan a súa mellora.

Parte deste seguimento quedará reflectido nas actas de departamento, nas que se fará un estudo máis pormenorizado de resultados académicos, por cursos, a final de trimestre, de cara a reflexionar sobre posibles cambios de mellora ou incidir máis en aspectos relevantes da materia que puideran quedar insuficientemente desarroiados.

PUNTO 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
-------	---------------------------	---------	---

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual comeza a impartirse en 1ºESO polo que o alumnado tivo pouco ou nulo contacto coa materia de xeito directo con anterioridade. Debido a isto deséñase unha sinxela proba de avaliación inicial na que se inclúen aspectos de matemáticas, que son fundamentais para o debuxo técnico así como outros relativos a lectura e deseño de imaxes (deseño gráfico).

Proba Inicial 1º ESO

- 1.- Que función ten cada unha destas imaxes? Podes elixir entre as respostas seguintes: informar, entreter, convencer, identificar. Razona a túa resposta.
- 2.- Observa a fotografía do animal e o debuxo esquemático do sinal de tráfico. Por que os sinais viarios ofrecen un debuxo tan simplificado con respecto ás formas naturais?
- 3.- Intenta expresar por escrito que sensación e sentimento che produce esta fotografía.
- 4.- Debuxa unha escala de tons do branco ao negro. Utiliza lapis de grafito de mina branda.
- 5.- Debuxa nesta banda horizontal unha escala de tons de claro a escuro, pero de maneira gradual, sen cortes, coa cor que máis che guste. Utiliza lápiz de cores.
- 6.- a. Cales son as cores primarias? Por que se chaman así?
b. Escribe cal é a cor resultante de mesturar estas cores:
 1. azul cian + amarelo =
 2. amarelo + maxenta =
 3. maxenta + azul cian =
7. Que é unha gama de cor? Se unha gama de cor ten como base o amarelo, é unha gama fría ou cálida?
8. Realiza sobre un papel de debuxo unha composición artística con triángulos nunha gama de tons verdes. Crea a sensación de que uns triángulos están máis lonxe ca outros. Que recursos gráficos.
- 9.- Amplía esta imaxe utilizando a cuadrícula. Emprega lápiz de grafito.
- 10.- Debuxa no recadro un dado coma se unha das súas caras estivese iluminada e as outras dúas quedasen en sombra e semisombra. Cambia a numeración que observas no exemplo.

PUNTO 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
-------	---------------------------	---------	---

A diversidade do alumnado resolverase nesta materia dentro da aula, en función das posibilidades que permita o número de alumnos e os seus distintos niveis e capacidades, que terán que ser abordadas por un só profesor.

Basicamente tratarase de enfrontarse ás diferenzas mediante un trato personalizado dentro da aula e dando á materia un forte compoñente procedimental, de forma que se poidan resolver as dúbidas e problemas sobre a marcha e dentro do horario escolar.

Intentarase, mediante o desenvolvemento de exercicios prácticos iguais ou similares, que cada un faga as súas contribucións, segundo as súas calidades e tendo flexibilidade na obtención de resultados de maneira que, dentro do posible, a clase poida funcionar con variedade de ritmos de traballo e que a obtención dos resultados poida aproximarse ós distintos niveis detectados e a valoración final teña máis que ver co esforzo desenvolvido que co resultado obtido, sempre que se acade un nivel mínimo.

Non se contempla, en termos xerais, o emprego de distintos tipos de exercicios para os diferentes niveis detectados na clase, xa que resultaría complicado con aulas que superan os vinte alumnos e ademais as prácticas nesta materia poden abordarse de formas moi distintas e acadando resultados moi diferentes, flexibilidade que pode adaptarse a moitos tipos de alumnos.

O que sí considero interesante e que pode axudar moito é a forma de agrupar ós alumnos, de maneira que a combinación de distintos niveis nun mesmo grupo, nunha materia tan visual, se se fomenta adecuadamente a colaboración, pode axudar moito a equilibrar e aproximar capacidades dispares.

PUNTO 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSÁIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal.

En relación coa educación para o consumo, analízanse criticamente as necesidades del consumo a traveso do coñecemento do deseño publicitario para intentar desenvolver unha actitude crítica e reflexiva ante os mensaxes que se reciben nos distintos medios.

Na educación ambiental pódense valorar as obras visuais creadas en relación co ambiente, analizando a mellora do contorno por medio de actuacións adecuadas. Tamén fomentarse a valoración e conservación do patrimonio cultural, sensibilizando ós alumnos a traveso dunha actitude crítica e reflexiva.

A igualdade de sexos fomentarse valorando por igual os criterios aportados por alumnas e alumnos, evitando termos sexistas e analizando criticamente contidos que posúan carácter discriminatorio, como pode ser a publicidade que utiliza á muller como símbolo sexual.

Nesta materia tamén pódense abordar aspectos como a educación para a paz ou a saúde favorecendo a colaboración dos alumnos, o respecto polas opinións e solucións distintas das propias e o desenvolvemento emocional e a autoestima a traveso das capacidades expresivas e creativas.

PUNTO 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

As actividades complementarias centraríanse na realización de traballos creativos

especiais que permitisen relacionar os aprendizaxes adquiridos con temas que se poidan extraer do contorno habitual do alumno. Podería tratarse da elaboración de propostas artísticas para temas relacionados co centro educativo, o barrio, a cidade, ou calquera outro contexto de interese que puidese xurdir.

Tamén abarcarían este tipo de actividades as saídas ó exterior para realizar visitas a obras de arte do contorno, cuestións relacionadas co patrimonio cultural ou exposicións de calquera tipo de representación artística, sempre que se considerase que ten interese educativo e pode ser apreciada e asimilada por alumnos das idades que comprende o sistema de ensinanza do que estamos tratando.

PUNTO 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

NIVEL	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

Durante todo o curso farase u seguimento do proceso de aplicación da programación de cara a avaliar os seus posibles acertos, erros ou modificacións que se considere necesario efectuar na mesma.

As incidencias académicas faranse constar nas actas do departamento e farase unha análise continuada sobre múltiples aspectos da mesma, observando cuestións que non funcionen ben, creen confusión ou dificulten a comprensión dos detalles nos que se quere incidir, ou prácticas que non resulten suficientemente claras ou non produzan os resultados previstos.

Tamén se terá en conta a adaptación do temario ós tempos previstos para a súa execución, acurtando ou alongando aspectos do mesmo para axustalos ó programado, ou polo contrario modificando os tempos previstos na programación para darlle cabida a aspectos que non estaban previstos, pero que se observa o seu interese ó desenvolver o traballo de aula.

De todas as cuestións indicadas e doutras que poidan xurdir farase unha análise resumo a final de curso, para ver a forma de introducilos no seguinte ano, intentando encaixar os aspectos que se consideren relevantes, da mellor maneira posible na programación do curso.

3º ESO

PUNTO 2. PERFIL COMPETENCIAL EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	----------------------------------	----------------	---

Estándares de aprendizaxe	Clasificación	Competencia Clave
3º-EPVAB1.1.1 - Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	Transveral da materia	EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB1.1.2 - Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB1.2.1 - Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	Transveral da materia	EPEVA_R4_CCL_EO
3º-EPVAB1.3.1 - Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosque-xos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB1.4.1 - Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB1.4.2 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB1.4.3 - Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	Transveral da materia	EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB1.5.1 - Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB1.5.2 - Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB1.5.3 - Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	Transveral	EPEVA_R2_CS_C_TG
3º-EPVAB1.5.4 - Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	Transveral	EPEVA_R2_CS_C_TG
3º-EPVAB1.5.5 - Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB1.5.6 - Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	Transveral á materia	EPVA_R1_PMT EPEVA_R3_CAA I
3º-EPVAB1.5.7 - Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Específico da materia Transveral á materia	EPEVA_R5_CCL_EE
3º-EPVAB2.1.1 - Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	Específico e transversal da materia	CCL EPEVA_R4_CCL_EO
3º-EPVAB2.2.1 - Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis	Específico da	Conciencia e

da Gestalt.	materia	expresións culturais
3º-EPVAB2.2.2 - Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	Específico e transversal da materia	EPEVA_R5_CCL_EE EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB2.3.1 - Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB2.4.1 - Distingue significativo e significado nun signo visual.	Transversal	EPEVA_R4_CCL_EO
3º-EPVAB2.5.1 - Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB2.5.2 - Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	Específico e transversal da materia	EPEVA_R4_CCL_EO EPEVA_R5_CCL_EE
3º-EPVAB2.6.1 - Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	Transversal da materia	EPEVA_R4_CCL_EO
3º-EPVAB2.6.2 - Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB2.7.1 - Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Transversal	EPEVA_R2_CS C_TG
3º-EPVAB2.8.1 - Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB2.9.1 - Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB2.10.1 - Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB2.11.1 - Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB3.1.1 - Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	Específico da materia	Conciencia e expresións culturais
3º-EPVAB3.2.1 - Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.3.1 - Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.4.1 - Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.4.2 - Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.5.1 - Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.6.1 - Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.7.1 - Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro	Transversal da	EPEVA_R1_PM

e cinco centros.	materia	T
3º-EPVAB3.8.1 - Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.9.1 - Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.10.1 - Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	Específico da materia	CMCT
3º-EPVAB3.11.1 - Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Específico da materia	CMCT

PUNTO 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
--------------	---------------------------	----------------	---

En principio non imos desenvolver este punto xa que o propio currículo oficial recolle para cada EA cal é o obxectivo de etapa co que está vinculado.

A continuación preséntanse as rúbricas que se van empregar en 3ºESO para levar a cabo a avaliación de competencias.

RÚBRICA PARA EVALUAR a competencia social e cívica en EPEVA				
EPEVA_R1_CSC	0	1	2	3
CONTRIBÚE ÁS METAS DO GRUPO	Contribúe có logro das metas soamente cando se lle pide	Contribúe ocasionalmente ao logro das metas	Contribúe ao logro das metas sen que se lle pide aceptando e cumprindo o seu rol dentro do grupo	Traballa activa e conscientemente para o logro das metas aceptando o cumprindo o seu rol dentro do grupo
CONSIDERACIÓN HACIA OS DEMAIS	Necesita que se lle lembre ocasionalmente ser coidadoso cós sentimentos dos demais	Amosa coidadeo cós sentimentos dos demais	Demostra e expresa sensibilidade hacia os demais alentándoos a participar	Demostra sensibilidade hacia os sentimentos e necesidades de aprendizaxe dos demais. Valora o coñecemento e habilidades dos outros membros do grupo alentándoos a participar
CONTRIBUCIÓN DE COÑECEMENTO	Contribúe con información soamente cando se lle pide	Contribúe con información ocasionalmente cando se lle pide ou se lle lembra facelo	Contribúe con información e habilidades sen ter que pedirlo.	Contribúe conscientemente e activamente con información, opinións e habilidades sen ter que solicitarlo.
TRABALLO E HABILIDADE PARA COMPARTIR COS DEMAIS	Contribúe en realizar os cambios necesarios soamente cando se lle pide pero sempre ou casi sempre deixa que os demais fagan o traballo	Participa ocasionalmente en realizar os cambios necesarios cando se lle pide pero sempre necesita que se lle lembre o que debe facer	Participa voluntariamente en realizar os cambios. Xeralmente realiza o traballo asignado e poucas veces necesita que se lle lembre	Axuda ao grupo a identificar os cambios necesarios e alenta ao grupo para realizalos. Sempre realiza o traballo asignado e nunca precisa que se lle lembre.

(falta rúbrica 2, aprender a aprender. Pode consultarse en programación 1º ou 4º)

RÚBRICA PARA EVALUAR A COMPETENCIA en CCEC EN EPEVA				
EPEVA_R3_CCEC	0	1	2	3
1.- Percibe , comprende e enriquecese con diferentes realidades e produccóns do mundo do arte e da cultura.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
2.- Pon en funcionamento a inciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
3.- Coñece as principais técnicas , recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre

PUNTO 4. TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

Estándares de aprendizaxe	Clasificación	Grao mínimo	Temporalización	Procedementos de avaliación Instrumentos de avaliación
BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA				
3º-EPVAB1.1.1 - Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	Específico da materia e Transversal da materia	Realiza unha composición básica con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Producións do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios Rúbrica EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB1.1.2 - Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	Específico da materia	Crear unha composición decorativa con papel recortado	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Produción plástica
3º-EPVAB1.2.1 - Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	Transversal	Mínimo un 6 na rúbrica correspondente	3º trimestre	Rúbrica EPVA_R4_CCL_EO
3º-EPVAB1.3.1 - Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosque-xos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	Específico da materia	Elabora bosque-xos a partir dunha imaxe predeterminada	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación
3º-EPVAB1.4.1 - Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	Específico da materia	Realiza unha composición ao ordenador manipulando as cores pigmento para expresar alegría	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese

3º-EPVAB1.4.2 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Específico da materia	Utiliza o claroscuro para dar sensación de volume	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
3º-EPVAB1.4.3 - Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	Específico e transversal da materia	Expresa sensacións por medio do uso da cor. Sacar mínimo un 6 na rúbrica	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB1.5.1 - Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	Específico da materia	Aplica unha técnica gráfico-plástica de forma axeitada	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Producións do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación
3º-EPVAB1.5.2 - Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	Específico da materia	Fai degradacións de grises e cor variando a presión exercida no lápiz de grafito ou cor.	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Produción plástica
3º-EPVAB1.5.3 - Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	Específico da materia	Creación de texturas visuais coas témperas	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
3º-EPVAB1.5.4 - Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	Transversal	Sacar mínimo un 6 na rúbrica	3º trimestre	Rúbrica EPVA_R4_CSC_TG
3º-EPVAB1.5.5 - Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	Transversal	Sacar mínimo un 6 na rúbrica	3º trimestre	Rúbrica EPVA_R4_CSC_TG

3º-EPVAB1.5.6 - Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	Transversal á materia	Saca un 6 mínimo na rúbrica	3º trimestre	Rúbrica EPVA_R4_CAA Rúbrica EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB1.5.7 - Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Específico e transversal da materia	Trae o material necesario e recolle o seu espazo ao remate da clase Mínimo un 6 na rúbrica	3º trimestre	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática INSTRUMENTOS: Lista de control Rúbrica EPVA_R1_PMT
BLOQUE 2: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL				
3º-EPVAB2.1.1 - Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	Específico e transversal da materia	Recoñecer ilusións ópticas e unha das causas perceptivas Mínimo un 6 na rúbrica	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Producións do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de problemas Rúbrica EPEVU_R4_CSC_EO
3º-EPVAB2.2.1 - Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	Específico da materia	Identifica e clasifica dúas ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Obxetiva
3º-EPVAB2.2.2 - Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	Específico e transversal á materia	Deseña unha das ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt Mínimo un 6 na rúbrica	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese Rúbrica EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB2.3.1 - Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	Específico da materia	Crea un gif animado sinxelo con Gimp	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Taballo de aplicación
3º-EPVAB2.4.1 - Distingue significativo e significado nun signo visual.	Transversal	Mínimo 6 na rúbrica correspondente	1º trimestre	Rúbrica de EPEV_R4_CCL_CO
3º-EPVAB2.5.1 - Realiza a lectura	Transversal		1º trimestre	Rúbrica EPEVU_R2_CSC_EO

obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.		Obtén un 6 mínimo na rúbrica correspondente		
3º-EPVAB2.5.2 - Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	Específico e transversal da materia	Lee unha imaxe sendo capaz de interpretar o seu significado Obtén un 6 mínimo na rúbrica correspondente	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Intercambios oráis có alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios Rúbrica EPVA_R1_PMT
3º-EPVAB2.6.1 - Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	Transversal	Mínimo un 6 na rúbrica	1º trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU_R2_CSC_EO I
3º-EPVAB2.6.2 - Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Específico da materia	Realiza fotografías	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: análise da producción do alumnado INSTRUMENTOS: Producións plásticas
3º-EPVAB2.7.1 - Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Transversal	Obter mínimo 6 na rúbrica correspondente	1º trimestre	Rúbrica EPEVU_R2_CSC_TG
3º-EPVAB2.8.1 - Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	Específico da materia	Recoñece polo menos dous recursos utilizados na linguaxe publicitaria	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Obxetiva
3º-EPVAB2.9.1 - Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	Específico da materia	Deseña un anuncio utilizando linguaxe persuasiva	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da producción do alumnado INSTRUMENTOS: Produción plástica
3º-EPVAB2.10.1 - Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa	Específico da materia	Recoñece o tipo de xénero cinematográfico	1º trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva

cinematográfica en relación coa mensaxe.				
3º-EPVAB2.11.1 - Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	Específico da materia	Elaborar unha presentación dun tema empregando recursos dixitais	1º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese</p>
BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO				
3º-EPVAB3.1.1 - Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	Específico da materia	Sabe definir unha mediatriz, bisectriz, circunferencia e esfera.	2º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos</p>
3º-EPVAB3.2.1 - Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Específico da materia	Diferencia entre polígonos regulares e irregulares	2º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos</p>
3º-EPVAB3.3.1 - Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	Específico da materia	Sabe construír un polígono regular de cinco lados, coñecendo o lado	2º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios</p>
3º-EPVAB3.4.1 - Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Específico da materia	Utiliza correctamente as ferramentas para resolver o caso básico de recta tanxente entre circunferencias	2º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios</p>
3º-EPVAB3.4.2 - Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Específico da materia	Resolve o caso básico de tanxencia entre circunferencias e rectas.	2º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios</p>
3º-EPVAB3.5.1 - Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	Específico da materia	Sabe debuxar un óvalo regular	2º trimestre	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de</p>

				exercicios
3º-EPVAB3.6.1 - Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	Específico da materia	Sabe construír dous tipos de ovoides, a partir dos diámetros	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
3º-EPVAB3.7.1 - Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	Específico e transversal da materia	Sabe construír espirais de dous centros. Saca mínimo un 6 na rúbrica	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Probas específicas INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios Rúbrica EPVA_R1_CMT
3º-EPVAB3.8.1 - Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	Específico da materia	Deseña aplicando repeticións, xiros.	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
3º-EPVAB3.9.1 - Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Específico da materia	Debuxa as tres vistas principais dun sólido	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Probas específicas INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
3º-EPVAB3.10.1 - Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	Específico da materia	Constrúe a perspectiva cabaleira dun prisma simple, e sabe aplicar o coeficiente de redución.	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de producións do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
3º-EPVAB3.11.1 - Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Específico da materia	Debuxa a perspectiva isométrica dun volume sinxelo, utilizando correctamente as ferramentas.	2º trimestre	PROCEDEMENTOS: Probas específicas INSTRUMENTOS: proba obxetiva

PUNTO 5 . CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

As concrecións metodolóxicas das materias veñen contempladas no artigo 11 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 120 do 29 de xuño de 2015).

A finalidade esencial da Educación Plástica Visual e Audiovisual é, por unha banda, dotar ao alumnado dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfica plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico.

A ensinanza e a aprendizaxe da área vense facilitados polo desenvolvemento intelectual desde o pensamento concreto ata o pensamento formal. A didáctica desta área debe partir da apreciación do máis próximo para chegar ao máis recuado. Trátase, ante todo, de que o alumno asimile o contorno visual e plástico en que vive. Nesta interacción co contorno teñen un papel importante as manifestacións da arte popular, que poden encontrarse non importa en que lugar e que conteñen valores estéticos cuxa análise e aprecio contribúen a educar a sensibilidade artística. Ao tempo, débese axudar, estimular e intercambiar ideas nas aulas para lograr unha crecente sensibilidade cara ao feito artístico tendo como referencia a obra dos grandes artistas.

A realidade cotiá, tanto natural como de imaxes e feitos plásticos, na que vive inmerso o alumnado e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos medios –cine, televisión, imaxe dixital, etc.–, deberá ser sempre o punto de partida da área.

O principal obxectivo da ensinanza da Educación Plástica e Visual é que o alumnado adquira a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saiba expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Ademais, a concreción da área contribuirá ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

- *Perceptivas e cognitivas*, como percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas, identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes e investigar diversas técnicas plásticas e visuais.
- *Estéticas e creativas*, como apreciar o feito artístico, desenvolver a creatividade e expresar a súa linguaxe persoal.

– Sociais e afectivas, como respectar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual e plástica, relacionarse con persoas e participar en actividades de grupo.

– De planificación, toma de decisións e avaliación, como determinar as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos e revisar ao acabar cada unha das fases.

En suma, a Educación Plástica e Visual:

- Permite o desenvolvemento de actitudes e hábitos de análise e reflexión.
- Proporciona técnicas útiles para enfrontarse a situacións diversas.
- Fomenta o espírito crítico e a creatividade.
- Fai posible a captación da linguaxe das formas, contribuíndo ao desenvolvemento da sensibilidade.
- Permite que se poida chegar a valorar e gozar do patrimonio artístico como expoñente da nosa memoria colectiva.
- Desenvolve a capacidade de abstracción para a comprensión de numerosos trazados e convencionalismos.
- Posibilita a adquisición de destrezas vinculadas á orde e coidado nos procesos de elaboración dos traballos.

A educación é un proceso construtivo no que a actitude que manteñen profesora e alumn@ permite a aprendizaxe significativa. O alumn@ convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía que asegure que o alumn@ poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

Polo que respecta aos recursos metodolóxicos, a Educación Plástica e Visual contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un enfoque curricular coherente e integrador entre todas as áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerase a expresión individual e estimularanse a iniciativa e a espontaneidade. Esta é unha ensinanza activa con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións en vez de esperar a resposta do profesor.

A concreción dos principios plasmarase na busca sistemática da construción de procedementos do seguinte tipo:

- Análise e clasificación de linguaxes visuais do contorno.
- Identificación e comparación de texturas do contorno.
- Descricións, comparacións e representación de formas.
- Diferenciacións e representacións de matices.
- Recoñecemento e utilización de distintos soportes e técnicas.

En relación cos recursos ambientais e materiais teremos en conta que no noso contexto cultural, gran número dos estímulos que recibimos son de natureza táctil ou visual. Esta información provén de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que provén da actividade e creación humana, onde están incluídos o deseño e as artes en xeral.

Utilizaranse varios métodos didácticos, mesturándoos:

- Interrogativo: preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animalos a participar.
- Indutivo: partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.
- Dedutivo: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.
- Investigativo: propiciar procesos de busca e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.
- Dialéctico: chegar a conclusións tras sucesivas fases de análise e síntese entre todos.

Non podemos planificar as actividades ou experiencias de aprendizaxe de maneira arbitraria, senón que se necesita unha análise previa de que queremos desenvolver e en que momento introducimos a actividade.

Na ensinanza-aprendizaxe na aula podemos distinguir varios tipos de actividades segundo a súa finalidade. Cada conxunto require diferentes tipos de experiencia educativa:

Actividades de introdución-motivación

Deben introducir os alumnos no que se refire ao aspecto da realidade que deben aprender.

Actividades sobre coñecementos previos

Son as que realizamos para coñecer as ideas, as opinións, os acertos ou os erros conceptuais dos alumnos sobre os contidos a desenvolver.

Actividades de desenvolvemento

Son as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as actitudes novas, e tamén as que permiten comunicar aos demais o labor realizado. Poden ser de varios tipos:

- *Actividades de repetición.* Teñen como finalidade asegurar a aprendizaxe, é dicir, que o alumno sinta que interiorizou o que o seu profesor lle quixo transmitir. Son actividades moi similares ás que previamente realizou o profesor.
- *Actividades de consolidación.* Nas cales contrastamos que as novas ideas se acomodaron coas previas dos alumnos.
- *Actividades funcionais ou de extrapolación.* Son aquelas nas que o alumnado é capaz de aplicar o coñecemento aprendido en contextos ou situacións diferentes ás traballadas na clase.
- *Actividades de investigación.* Son aquelas nas que o alumnado participa na construción do coñecemento mediante a busca de información e a inferencia, ou tamén, aquelas nas que utiliza o coñecemento para resolver unha situación/problema proposto.
- *Etc.*

Actividades de reforzo

Programámolas para alumnos con algún tipo de atraso ou dificultade. Non poden ser estereotipadas, senón que debemos axustalas ás necesidades ou carencias de cada alumno.

Actividades de recuperación

Son as que programamos para os alumnos que non adquiriron os coñecementos traballados.

Actividades de ampliación/afondamento

Son as que permiten continuar construíndo novos coñecementos a alumnos que realizaron de maneira satisfactoria as actividades de desenvolvemento propostas e, tamén, as que non son imprescindibles no proceso.

Actividades globais ou finais

Son aquelas que realizamos dando un sentido global aos distintos aspectos que traballamos nun tema, con obxecto de non parcelar a aprendizaxe, senón, polo contrario, facerlle ver ao alumno que os distintos aspectos aprendidos lle serven para dar resposta a situacións/problemas da vida cotiá.

Traballos monográficos interdisciplinarios ou outros de natureza análoga que impliquen varios departamentos

Son aqueles que pretenden:

- Desenvolver, aplicar e poñer en práctica as competencias básicas previstas para a Educación Secundaria Obrigatoria.

- Mostrar a consecución alcanzada dos obxectivos xerais da etapa.

- Mostrar os coñecementos adquiridos sobre varios temas ou materias.

- Aplicar métodos e técnicas de traballo a través de contidos diversos que ilustren a súa asimilación.

- Acercar os alumnos a un modo de traballar metódico onde poder aplicar os procedementos e habilidades aprendidos en distintas materias.

- Centrarse na indagación, a investigación e a propia creatividade, favorecendo a curiosidade e o interese na súa realización.

A súa finalidade non é estudar un novo temario ou currículo, e as súas características son:

- Facilitar e estimular a busca de informacións, a aplicación global do coñecemento, dos saberes prácticos, capacidades sociais e destrezas, non necesariamente relacionados coas materias do currículo, polo menos non todos eles.

- Realizar algo tanxible (prototipos, obxectos, intervencións no medio natural, social e cultural; inventarios, recompilacións, exposicións, dixitalizacións, plans, estudos de campo, enquisas, recuperación de tradicións e lugares de interese, publicacións, etc.).

- Elixir como núcleo vertebrador algo que teña conexión coa realidade, que dea oportunidades para aplicar e integrar coñecementos diversos e dea motivos para actuar dentro e fóra dos centros docentes.

- Vivir a autenticidade do traballo real, seguindo o desenvolvemento completo do proceso, desde a súa planificación, distintas fases da súa realización e logro do resultado final.

- Fomentar a participación dos estudantes nas discusións, na toma de decisións e na realización do proxecto, sen prexuízo de que poidan repartirse tarefas e responsabilidades.

En conclusión, propónse unha **metodoloxía activa e participativa**, na que se utilizará unha **diversa tipoloxía de actividades** (de introdución-motivación, de coñecementos previos, de desenvolvemento [de consolidación, funcionais ou de extrapolación, de investigación], de reforzo, de recuperación, de ampliación/afondamento, globais ou finais). O noso enfoque metodolóxico axustarase aos seguintes parámetros:

1. Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan aos alumnos avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
2. A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
3. Fomentarase a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e desafío intelectual para os alumnos.
4. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, TIC e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.
5. A actividade da clase favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
6. Procurarase organizar os contidos arredor de núcleos temáticos próximos e significativos.
7. Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles, tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

- AGRUPAMENTOS DE ALUMNOS

Poderanse realizar diferentes variantes de agrupamentos, en función das necesidades que presente a resposta á diversidade e necesidades dos alumnos, e á heteroxeneidade das actividades de ensinanza/aprendizaxe.

Así, partindo do agrupamento máis común (grupo-clase), e combinado co traballo individual, acudirase ao pequeno grupo cando se queira buscar o reforzo para os alumnos cun ritmo de aprendizaxe máis lento ou a ampliación para aqueles que mostren un ritmo de aprendizaxe máis rápido; aos grupos flexibles cando así o requiran as actividades concretas ou cando se busque a constitución de equipos de traballo nos que o nivel de coñecemento dos seus membros sexa diferente pero exista coincidencia en canto a intereses; ou á constitución de talleres, que darán resposta a diferentes motivacións. En calquera caso, cada profesor decidirá, á vista das peculiaridades e necesidades concretas dos seus alumnos, o tipo de agrupamento que considere máis operativo.

MODALIDADE DE AGRUPAMENTO	NECESIDADES QUE COBRE
<u>Traballo individual</u>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de reflexión persoal. - Actividades de control e avaliación.
<u>Pequeno grupo (apoio)</u>	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzo para alumnos con ritmo máis lento. - Ampliación para alumnos con ritmo máis rápido. - Traballos específicos.
<u>Agrupamento flexible</u>	<p>Respostas puntuais a diferenzas en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nivel de coñecementos. - Ritmo de aprendizaxe. - Intereses e motivacións.
<u>Talleres</u>	<ul style="list-style-type: none"> - Resposta puntual a diferenzas en intereses e motivacións, en función da natureza das actividades.

PUNTO 6 . MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

En canto aos materiais específicos necesarios para o desenvolvemento da materia serían os seguintes:

- **Libro de texto** . Editorial SM, CELME. (só do banco de libros. Lote de uso na aula)
- **Portfolio tamaño DIN A3**. Editorial SM, CELME.
- Recursos informáticos de diversos tipos:
 - **Software:** , GIMP (retoque de imaxes),de libre configuración, LibreCAD (debuxo técnico)
 - **Recursos interactivos** dispoñibles en internet.
 - **Vídeos** de carácter divulgativo.
 - **Presentacións** dispoñibles en internet
- **Materiais de taller:** a aula taller de EPEVA dispón de:
 - tres piletas de porcelana con auga corrente
 - tres dispensadores de xabón
 - un armario para o almacenaxe, baixo chave,do material persoal de cada alumna/o
 - 20 mesas de debuxo técnico reclinables.
 - reproducións, 4, de esculturas clásicas en escaiola.
 - Un ordenador
 - un proxector
 - unha pantalla de proxección
 - un corcho que cubre a parede do fondo do taller
 - material funxible para o alumnado que precise do mesmo por ter esquecido o seu puntualmente:
 - folios DIN A4 e A3
 - rotuladores
 - lápices de cores,
 - ceras duras e brandas
 - plantillas (escuadra e cartabón)
 - compás
 - témperas
 - pinces de distintos grosos e durezas,
 - cúters.
 - táboas de madeira para protexer as mesas de debuxo cando se procede a poñer en práctica técnicas que poidesen dañar as mesas de debuxo.
- En xeral todos os recursos da aula taller coas súas ferramentas e material funxible.

PUNTO 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EPEVA 3º ESO

GRUPO EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
ESPECÍFICOS DA MATERIA	- PORTFOLIO (40%) - PROBAS ESPECÍFICAS (30%) - OBSERVACIÓN DIRECTA(10%) (LISTA DE CONTROL)	80 %
CSC	EPEV_R1_CSC	8 %
CAA	EPEV_R2_CAA	7 %
CCEC	EPEV_R3_CCEC	5 %

* Esta distribución de pesos das distintas competencias pode presentar algunha variación en función do desenvolvemento das clases en cada grupo específico de alumnado. Se nalgún trimestre non fose posible a avaliación mediante rúbrica dalgunha das competencias citadas se incrementaría nese valor a porcentaxe (%) do peso dos EA específicos.

* Estos criterios serán válidos para cada unha das tres avaliacións. A nota final será a media aritmética das tres avaliacións, as 3 terán o mesmo peso na final. Pero ningún dos 3 trimestres pode facer media se non obtivo un mínimo de 4 como calificación. O alumnado cunha nota menor de 4 terá que mellorar esta nota mediante repeticións dalgunha das creacións/exercicios ou repetir unha proba escrita.

*Haberá unha proba escrita de recuperación da 1ª avaliación ao escomezo do 2º trimestre. Igualmente, haberá unha recuperación da 2ª avaliación ao escomezo do 3º trimestre. Na 3ª avaliación farase esta recuperación antes das sesións de avaliacións.

* No caso de descubrir a unha persoa copiando nunha proba escrita se lle anularía e nesta porcentaxe levaría 0% a sumar có resto. Se lle da para aprobar xa pode quedar así. En caso de que queira poderá presentarse á proba escrita de recuperación que terá lugar no escomezo do seguinte trimestre, a mesma oportunidade que se lle da o resto do alumnado do seu grupo.

*A competencia social e cívica será avaliada mediante observación directa cumplimentando unha lista de control un mínimo de 10 veces en cada trimestre. O desenrolo desta asignatura depende en gran medida de que cada persoa traia nas 2 citas semanais as ferramentas necesarias para levar á práctica as tarefas e proxectos. Si esto non é así, estará interrompindo o normal desenrolo da clase, tanto a nivel social como persoal.

* Se nalgún trimestre non fose posible a avaliación mediante rúbrica dalgunha das competencias citadas se incrementaría nese valor a porcentaxe (%) do peso dos EA específicos.

* No cálculo do promedio dos EA específicos teránse en conta os estándares impartidos e non os programados.

*A *avaliación extraordinaria* de **setembro** consistirá nunha proba escrita. Terá que ser superada cunha cualificación igual ou superior a cinco (5). Dita proba será o único elemento a ter en conta para a superación da asignatura. Igualmente, para a elaboración de dita proba teranse en conta só os estándares impartidos durante o curso, non os programados.

PUNTO 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

Farase un seguimento periódico de todo o proceso de traballo no desenvolvemento da materia, de maneira que se poidan analizar as súas características os acertos os erros e as posibles modificacións que permitan a súa mellora.

Parte deste seguimento quedará reflectido nas actas de reunións periódica de departamento, nas que se fará un estudo máis pormenorizado de resultados académicos, por cursos, a final de trimestre, de cara a reflexionar sobre posibles cambios de mellora ou incidir máis en aspectos relevantes da materia que puideran quedar insuficientemente desenvolvidos.

PUNTO 9. PLAN DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN DE PENDENTES

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

Ao alumnado que teña pendente a superación a materia de 1º ESO se lle proporá o seguinte plan de traballo:

- * Realización e entrega de **3 traballos escritos** en decembro, febreiro e abril nos que a/o alumna/o desenvolverá a partires dun guión que se lle proporciona, distintos aspectos salientables da materia.
- * Así mesmo, a/o alumna/o resolverá tamén **3 boletíns de aplicación** de técnicas gráfico-plásticas, lectura, iconografía, da imaxe e representación gráfica.

Farase un seguimento destas actividades con reunións, de carácter voluntario, có alumnado implicado que se celebrarán na biblioteca durante os recreos de varios xoves ao longo dos trimestres e nas que poden consultar as dúbidas que se presenten.

Finalmente, no mes de **maio** a/o alumna/o deberá presentarse a unha proba escrita cuxos aspectos máis salientables serán seleccionados a partires dos traballos e boletíns que foron realizados ao longo do curso. Será preciso a obtención dunha nota de 5 para recuperar a materia pendente.

En caso contrario, a/o alumna/o disporá dunha nova convocatoria no mes de **setembro**.

PUNTO 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

No caso da materia de EPEVA 3ºESO o alumnado xa cursou a correspondente materia en 1º ESO polo que deberían partir xa duns coñecementos e unhas competencias mínimas, anque o curso intermedio, 2º ESO, non o teñen. Para detectar ese nivel inicial do alumnado deseñamos a seguinte proba inicial:

Prueba Inicial 3º ESO

1. Indica que recurso gráfico (diferenza de tamaño, diferenza de valor tonal, superposición, ou curvatura e dobrez) se empregou en cada unha destas composicións para crear sensación de espazo tridimensional.
2. Que clase de tratamento ou transformación (simplificación, deformación, esquematización, presentación realista) se lles aplicou ás figuras destas ilustracións?
3. Traza un segmento que mida 3 cm. Constrúe a partir del, con regra e compás.
 - a. a súa mediatriz
 - b. un cadrado de 3 cm de lado
4. Interpreta, coa técnica do claroscuro, os obxectos que ves na fotografía. Utiliza lapis de grafito.
5. Cal é a finalidade da mensaxe visual que transmite cada unha destas imaxes? Indica que elementos de cada imaxe che axudan a responder a pregunta.
6. Imaxina un edificio baseado en formas xeométricas. Realiza varios bosquejos para concretar a túa idea. Debuxa nun papel de debuxo, finalmente, unha perspectiva súa a man alzada no sistema de representación que queiras.
7. Debuxa unha simetría artística a partir desta forma natural e decóraa con liñas, puntos e superficies de cor. Os elementos simétricos dunha simetría artística, teñen que ser exactamente iguais? E nunha simetría xeométrica?

8. Calca en papel vexetal os contornos, exteriores e interiores desta ilustración. Pasa o debuxo resultante a un papel de debuxo e simplifícao mediante tintas planas. Utiliza rotuladores de cores.

PUNTO 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

A diversidade do alumnado resolverase nesta materia dentro da aula, en función das posibilidades que permita o número de alumnos e os seus distintos niveis e capacidades, que terán que ser abordadas por un só profesor.

Basicamente tratarase de enfrontarse ás diferenzas mediante un trato personalizado dentro da aula e dando á materia un forte compoñente procedimental, de forma que se poidan resolver as dúbidas e problemas sobre a marcha e dentro do horario escolar.

Intentarase, mediante o desenvolvemento de exercicios prácticos iguais ou similares, que cada un faga as súas contribucións, segundo as súas calidades e tendo flexibilidade na obtención de resultados de maneira que, dentro do posible, a clase poida funcionar con variedade de ritmos de traballo e que a obtención dos resultados poida aproximarse ós distintos niveis detectados e a valoración final teña máis que ver co esforzo desenvolvido que co resultado obtido, sempre que se acade un nivel mínimo.

Non se contempla, en termos xerais, o emprego de distintos tipos de exercicios para os diferentes niveis detectados na clase, xa que resultaría complicado con aulas que superan os vinte alumnos e ademais as prácticas nesta materia poden abordarse de formas moi distintas e acadando resultados moi diferentes, flexibilidade que pode adaptarse a moitos tipos de alumnos.

O que sí considero interesante e que pode axudar moito é a forma de agrupar ós alumnos, de maneira que a combinación de distintos niveis nun mesmo grupo, nunha materia tan visual, se se fomenta adecuadamente a colaboración, pode axudar moito a equilibrar e aproximar capacidades dispares.

PUNTO 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSÁIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal.

En relación coa educación para o consumo, analízanse criticamente as necesidades do consumo a través do coñecemento do deseño publicitario para intentar desenvolver unha actitude crítica e reflexiva ante as mensaxes que se reciben nos distintos medios.

Na educación ambiental pódense valorar as obras visuais creadas en relación co ambiente, analizando a mellora do contorno por medio de actuacións adecuadas.

Tamén fomentarse a valoración e conservación do patrimonio cultural, sensibilizando @ alumn@ a través dunha actitude crítica e reflexiva.

A igualdade de sexos fomentarse valorando por igual os criterios aportados por alumnas e alumnos, evitando termos sexistas e analizando criticamente contidos que posúan carácter discriminatorio, como pode ser a publicidade que utiliza á muller como símbolo sexual.

Nesta materia tamén se poden abordar aspectos como a educación para a paz ou a saúde favorecendo a colaboración d@ alumn@, o respecto polas opinións e solucións distintas das propias e o desenvolvemento emocional e a autoestima a traveso das capacidades expresivas e creativas.

PUNTO 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA O CURSO.

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
--------------	---------------------------	----------------	-------

As actividades complementarias centraríanse na realización de traballos creativos especiais que permitisen relacionar os aprendizaxes adquiridos con temas que se poidan extraer do contorno habitual d@ alumn@. Podería tratarse da elaboración de propostas artísticas para temas relacionados có centro educativo, o barrio, a cidade, ou calquera outro contexto de interese que puidese xurdir.

Tamén abarcarían este tipo de actividades as saídas ó exterior para realizar visitas a obras de arte do contorno, cuestións relacionadas co patrimonio cultural ou exposicións de calquera tipo de representación artística, sempre que se considerase que ten interese educativo e pode ser apreciada e asimilada por alumnos das idades que comprende o sistema de ensinanza do que estamos tratando.

PUNTO 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

NIVEL	3º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
--------------	---------------------------	----------------	-------

Durante todo o curso farase u seguimento do proceso de aplicación da programación de cara a avaliar os seus posibles acertos, erros ou modificacións que se considere necesario efectuar na mesma.

As incidencias académicas faranse constar nas actas de reunión periódica do departamento e farase unha análise continuada sobre múltiples aspectos da mesma, observando cuestións que non funcionen ben, creen confusión ou dificulten a comprensión dos detalles nos que se quere incidir, ou prácticas que non resulten suficientemente claras ou non produzan os resultados previstos.

Tamén se terá en conta a adaptación do temario ós tempos previstos para a súa execución, acurtando ou alongando aspectos do mesmo para axustalos ó programado, ou polo contrario modificando os tempos previstos na programación para darlle cabida a aspectos que non estaban previstos, pero que se observa o seu interese ó desenvolver o traballo de aula.

De todas as cuestións indicadas e doutras que poidan xurdir farase unha análise resumo a final de curso, para ver a forma de introducilos no seguinte ano, intentando encaixar os aspectos que se consideren relevantes, da mellor maneira posible na programación do curso.

4º ESO

PUNTO 2. PERFIL COMPETENCIAL EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

Estándares de aprendizaxe	Tipo	Competencia Clave
4º-EPVAB1.1.1 - Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.2.1 - Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.2.2 - Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	Transversal	EO
4º-EPVAB1.2.3 - Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.3.1 - Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB.1.3.2 - Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB1.4.1 - Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	Transversal	CSC
4º-EPVAB1.5.1 - Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	Transversal	EO
4º-EPVAB1.5.2 - Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais

4ºEPEVB2.1.1- Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo.	Transversal	EO
4º-EPVAB2.1.2 - Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.1.3 - Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.1.4 - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.1 - Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.2 - Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.3 - Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.2.4 - Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	Específico de Materia	CMCT
4º-EPVAB2.3.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.1.1- Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.1.2 - Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	Transversal	EO
4º-EPVAB3.2.1- Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.1 - Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	Transversal da materia	PMT
4º-EPVAB3.3.2 - Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.3 - Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.4 - Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB3.3.5 - Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras	Transversal	TG

4º-EPVAB4.1.1 - Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.1.2 - Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.2.1 - Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.2.2 - Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.2.3 - Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	Transversal	PMT
4º-EPVAB4.3.1 - Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	Específico de Materia	Conciencia e expresións culturais
4º-EPVAB4.3.2 - Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	Transversal de Materia	PMT
4º-EPVAB4.3.3 - Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	Transversal de Materia	PMT
4º-EPVAB4.4.1 - Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	Transversal	EO

PUNTO 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

En principio non imos desenvolver este punto xa que o propio currículo oficial recolle para cada EA cal é o obxectivo de etapa co que está vinculado.

A continuación preséntanse as rúbricas que se van empregar en 4ºESO para levar a cabo a avaliación de competencias.

RÚBRICA PARA EVALUAR a competencia social e cívica en EPEVA

EPEVA_R1_CSC	0	1	2	3
CONTRIBÚE ÁS METAS DO GRUPO	Contribue có logro das metas soamente cando se lle pide	Contribúe ocasionalmente ao logro das metas	Contribúe ao logro das metas sen que se lle pida aceptando e cumprindo o seu rol dentro do grupo	Traballa activa e conscientemente para o logro das metas aceptando o cumprindo o seu rol dentro do grupo
CONSIDERACIÓN HACIA OS DEMAIS	Necesita que se lle lembre ocasionalmente ser coidadoso cós sentimentos dos demais	Amosa coidadeo cós sentimentos dos demais	Demostra e expresa sensibilidade hacia os demais alentándoos a participar	Demostra sensibilidade hacia os sentimentos e necesidades de aprendizaxe dos demais. Valora o coñecemento e habilidades dos outros membros do grupo alentándoos a participar
CONTRIBUCIÓN DE COÑECEMENTO	Contribúe con información soamente cando se lle pide	Contribúe con información ocasionalmente cando se lle pide ou se lle lembra facelo	Contribúe con información e habilidades sen ter que pedirlo.	Contribúe conscientemente e activamente con información, opinións e habilidades sen ter que solicitarlo.
TRABALLO E HABILIDADE PARA COMPARTIR COS DEMAIS	Contribúe en realizar os cambios necesarios soamente cando se lle pide pero sempre ou casi sempre deixa que os demais fagan o traballo	Participa ocasionalmente en realizar os cambios necesarios cando se lle pide pero sempre necesita que se lle lembre o que debe facer	Participa voluntariamente en realizar os cambios. Xeralmente realiza o traballo asignado e poucas veces necesita que se lle lembre	Axuda ao grupo a identificar os cambios necesarios e alenta ao grupo para realizalos. Sempre realiza o traballo asignado e nunca precisa que se lle lembre.

RÚBRICA CAA EPEVA				
EPEV_R2_CAA	0	1	2	3
Responsabilidade e materiais	Raramente utiliza o material de xeito responsable	Non ten plena conciencia da necesidade de aproveitar o material no taller.	Fai un bó aproveitamento do material na maior parte das ocasións.	Fai sempre un aproveitamento idóneo do material no taller.
Creación presentación	Realiza un traballo artístico que necesita ser revisado e realizado novamente.	Realiza un traballo artístico que ocasionalmente necesita ser revisado.	Realiza un traballo artístico de calidade aceptable.	Realiza un traballo artístico da máis alta calidade.
Uso adecuado das ferramentas	Fai un uso irresponsable das ferramentas no taller.	Fai un uso ocasionalmente irresponsable das ferramentas no taller.	Fai un uso responsable das ferramentas no taller.	Fai sempre un uso moi responsable das ferramentas propias deste taller.
Cumprimento das normas do taller	Raramente cumpre as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre nalgunhas ocasións as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre na maior parte das ocasións as normas de funcionamento e seguridade no taller.	Cumpre constantemente as normas de funcionamento e seguridade no taller.

RÚBRICA PARA EVALUAR A COMPETENCIA en CCEC EN EPEVA				
EPEVA_R3_CCEC	0	1	2	3
1.- Percibe , comprende e enriquecese con diferentes realidades e produccóns do mundo do arte e da cultura.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
2.- Pon en funcionamento a inciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre
3.- Coñece as principais técnicas , recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.	Nunca	Ás veces	Casi sempre	Sempre

* Nesta rúbrica a nota máxima poderá sumar 9, pero considerarse como un 10.

PUNTO 4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE			
NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

Estándares de aprendizaxe	Tipo	Grao Mínimo	Tempora - lización	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*
BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA				

4º-EPVAB1.1.1 - Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	Específico de Materia	Crea unha composición artística sabendo usar os elementos básicos da linguaxe visual	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Prueba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB1.2.1 - Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	Específico de Materia	Sabe aplicar as leis da composición para crear unha imaxe cun ritmo de lectura determinado.	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Prueba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB1.2.2 - Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
4º-EPVAB1.2.3 - Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	Específico de Materia	Cambia o significado dunha imaxe por medio dunha cor	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación
4º-EPVAB1.3.1 - Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	Específico de Materia	Elix con propiedade o material máis axeitado para realizar un proxecto artístico	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB1.3.2 - Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Específico de Materia	Mantén o seu espazo de traballo e material en perfecto estado e tráeo á aula cando é necesario para o correcto seguimento das clases	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática INSTRUMENTOS: Lista de control
4º-EPVAB1.4.1 - Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPVU_R2_CSC
4º-EPVAB1.5.1 - Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU _ R3_EO

materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.				
4º-EPVAB1.5.2 - Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	Específico de Materia	Recoñece 5 obras de arte e as sitúa no período a que pertencen	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO				
4ºEPEVB2.1.1- Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	1º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
4º-EPVAB2.1.2 - Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico	Específico de Materia	Traza un cuadrilátero regular coñecendo o lado utilizando con precisión as ferramentas de debuxo técnico	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
4º-EPVAB2.1.3 - Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	Específico de Materia	Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB2.1.4 - Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	Específico de Materia	Analiza problemas de formas xeométricas planas e o aplica á creación de deseños persoais	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB2.2.1 - Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	Específico de Materia	É capaz de visualizar figuras a partir das súas vistas principais	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise de produción do alumnado INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios
4º-EPVAB2.2.2 - Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	Específico de Materia	Recoñece as vistas principais a partir de figuras 3d sinxelas	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: proba específica INSTRUMENTOS: proba obxetiva
4º-EPVAB2.2.3 - Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	Específico de Materia	Reproduce formas 3d mediante o tipo de perspectiva máis axeitado	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: análise de producións do alumnado INSTRUMENTOS: resolucións de exercicios
4º-EPVAB2.2.4 - Realiza perspectivas cónicas	Específico	Debuxa perspectivas cónicas, tanto a	1º	PROCEDEMENTOS: análise de producións do

frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	de Materia	frontal coma o oblicua, de figuras 3d	Trimestre	alumnado INSTRUMENTOS: resolución de exercicios
4º-EPVAB2.3.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	Específico de Materia	Fai deseños xeométricos sinxelos co programa GIMP	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Producións do alumnado INSTRUMENTOS: resolución de exercicios de simulación
BLOQUE 3: FUNDAMENTOS DO DESEÑO				
4º-EPVAB3.1.1- Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual	Específico de Materia	Recoñece os elementos básicos da comunicación visual	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB3.1.2 - Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	Transversal	Obtén un 7 mínimo na rúbrica	2º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
4º-EPVAB3.2.1- Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño	Específico de Materia	Clasifica os obxectos según o tipo de deseño	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: proba específica INSTRUMENTOS: cuestionario
4º-EPVAB3.3.1 - Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	2º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R1_RMT
4º-EPVAB3.3.2 - Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	Específico de Materia	Planifica a realización da imaxe corporativa dunha empresa	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB3.3.3 - Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	Específico de Materia	Valora o traballo organizado e secuenciado de calquera proxecto, a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Proba obxetiva
4º-EPVAB3.3.4 - Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de	Específico de Materia	Manexo do GIMP para levar a cabo proxectos artísticos e de deseño	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Producións do alumnado. INSTRUMENTOS: resolución de exercicios de

deseño.				simulación
4º-EPVAB3.3.5 - Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras	Transversal	Acada un 7 mínimo na rúbrica	2º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU_R4_CSC_
BLOQUE 4: LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA				
4º-EPVAB4.1.1 - Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	Específico de Materia	Recoñece os tipos de plano e a súa capacidade expresiva na linguaxe cinematográfica	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: Cuestionario
4º-EPVAB4.1.2 - Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	Específico de Materia	Realiza un storyboard de 10 viñetas para unha secuencia dunha curta	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB4.2.1 - Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	Específico de Materia	Identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara nunha película	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Proba específica INSTRUMENTOS: proba obxetiva
4º-EPVAB4.2.2 - Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	Específico de Materia	Realiza fotografías tendo en conta criterios estéticos	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Producción artística
4º-EPVAB4.2.3 - Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTOS: Rúbrica EPEVU _ R1_RMT
4º-EPVAB4.3.1 - Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	Específico de Materia	Debuxa con programas de ordenador	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise da produción do alumnado INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese
4º-EPVAB4.3.2 - Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R1_RMT
4º-EPVAB4.3.3 - Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	Transversal de Materia	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R1_RMT

4º-EPVAB4.4.1 - Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	Transversal	Sacar un mínimo de 7 na rúbrica	3º Trimestre	INSTRUMENTO: Rúbrica EPEVU _ R3_EO
---	-------------	---------------------------------	-----------------	---------------------------------------

PUNTO 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

NIVEL

4º SECUNDARIA OBLIGATORIA

MATERIA

EPEVA

As concrecións metodolóxicas das materias veñen contempladas no *artigo 11 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño*, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG 120 do 29 de xuño de 2015*).

A finalidade esencial da Educación Plástica Visual e Audiovisual é, por unha banda, dotar ao alumnado dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfica plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico.

A ensinanza e a aprendizaxe da área vense facilitados polo desenvolvemento intelectual desde o pensamento concreto ata o pensamento formal. A didáctica desta área debe partir da apreciación do máis próximo para chegar ao máis recuado. Trátase, ante todo, de que o alumno asimile o contorno visual e plástico en que vive. Nesta interacción co contorno teñen un papel importante as manifestacións da arte popular, que poden encontrarse non importa en que lugar e que conteñen valores estéticos cuxa análise e aprecio contribúen a educar a sensibilidade artística. Ao tempo, débese axudar, estimular e intercambiar ideas nas aulas para lograr unha crecente sensibilidade cara ao feito artístico tendo como referencia a obra dos grandes artistas.

A realidade cotiá, tanto natural como de imaxes e feitos plásticos, na que vive inmerso o alumnado e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos medios –cine, televisión, imaxe dixital, etc.–, deberá ser sempre o punto de partida da área.

O principal obxectivo da ensinanza da Educación Plástica e Visual é que o alumnado adquira a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saiba expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Ademais, a concreción da área contribuirá ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

– *Perceptivas e cognitivas*, como percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas, identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes e investigar diversas técnicas plásticas e visuais.

– *Estéticas e creativas*, como apreciar o feito artístico, desenvolver a creatividade e expresar a súa linguaxe persoal.

– *Sociais e afectivas*, como respectar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual e plástica, relacionarse con persoas e participar en actividades de grupo.

– *De planificación*, toma de decisións e avaliación, como determinar as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos e revisar ao acabar cada unha das fases.

En suma, a Educación Plástica e Visual:

– Permite o desenvolvemento de actitudes e hábitos de análise e reflexión.

- Proporciona técnicas útiles para enfrontarse a situacións diversas.
- Fomenta o espírito crítico e a creatividade.
- Fai posible a captación da linguaxe das formas, contribuíndo ao desenvolvemento da sensibilidade.
- Permite que se poida chegar a valorar e gozar do patrimonio artístico como expoñente da nosa memoria colectiva.
- Desenvolve a capacidade de abstracción para a comprensión de numerosos trazados e convencionalismos.
- Posibilita a adquisición de destrezas vinculadas á orde e coidado nos procesos de elaboración dos traballos.

A educación é un proceso construtivo no que a actitude que manteñen profesora e alumn@ permite a aprendizaxe significativa. O alumn@ convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía que asegure que o alumn@ poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

Polo que respecta aos recursos metodolóxicos, a Educación Plástica e Visual contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para un enfoque curricular coherente e integrador entre todas as áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerase a expresión individual e estimularanse a iniciativa e a espontaneidade. Esta é unha ensinanza activa con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións en vez de esperar a resposta do profesor.

A concreción dos principios plasmarase na busca sistemática da construción de procedementos do seguinte tipo:

- Análise e clasificación de linguaxes visuais do contorno.
- Identificación e comparación de texturas do contorno.
- Descricións, comparacións e representación de formas.
- Diferenciacións e representacións de matices.
- Recoñecemento e utilización de distintos soportes e técnicas.

En relación cos recursos ambientais e materiais teremos en conta que no noso contexto cultural, gran número dos estímulos que recibimos son de natureza táctil ou visual. Esta

información provén de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que provén da actividade e creación humana, onde están incluídos o deseño e as artes en xeral.

Utilizaranse varios métodos didácticos, mesturándoos:

- **Interrogativo**: preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animalos a participar.
- **Indutivo**: partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.
- **Dedutivo**: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.
- **Investigativo**: propiciar procesos de busca e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.
- **Dialéctico**: chegar a conclusións tras sucesivas fases de análise e síntese entre todos.

PUNTO 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

En canto aos materiais específicos necesarios para o desenvolvemento da materia serían os seguintes:

- Libro de texto . Editorial SM, CELME.
- Caderno tamaño DIN A3. Editorial SM, CELME.
- Recursos informáticos de diversos tipos:
 - **Software**: LibreCAD (debuxo técnico), GIMP (retoque de imaxes), de libre configuración
 - **Recursos interactivos** dispoñibles en internet.
 - **Videos** de carácter divulgativo.
 - **Presentacións** dispoñibles en internet
- **Materiais de taller**: a aula taller de EPEVA dispón de:
 - tres piletas de porcelana con auga corrente
 - tres dispensadores de xabón
 - un armario para o almacenaxe, baixo chave, de traballos en proceso de elaboración de cada alumna/o
 - 12 mesas de debuxo técnico.
 - 21 pupitres.
 - reproducións, 4, de esculturas clásicas en escaiola.
 - Un ordenador
 - un proxector
 - pendente de montar: unha pantalla de proxección
 - un corcho que cubre a parede do fondo do taller

- material funxible para os proxectos nos que precisemos pintar con pincéis:
 - plantillas (escuadra e cartabón)
 - compás
 - témperas
 - pinceis de distintos grosos e durezas,
 - cúters.
- táboas de madeira para protexer as mesas de debuxo cando se procede a poñer en práctica técnicas que poidesen dañalas.

PUNTO 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EPEVA 4º ESO

GRUPO EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
ESPECÍFICOS DA MATERIA	- PORTFOLIO (40%) - PRBAS ESPECÍFICAS (30%) - OBSERVACIÓN DIRECTA(10%) (LISTA DE CONTROL)	80 %
CSC	EPEV_R1_CSC	8 %
CAA	EPEV_R2_CAA	7 %
CCEC	EPEV_R3_CCEC	5 %

* Esta distribución de pesos das distintas competencias pode presentar algunha variación en función do desenvolvemento das clases en cada grupo específico de alumnado. Se nalgún trimestre non fose posible a avaliación mediante rúbrica dalgunha das competencias citadas se incrementaría nese valor a porcentaxe (%) do peso dos EA específicos.

* Estos criterios serán válidos para cada unha das tres avaliacións. A nota final será a media aritmética das tres avaliacións, as 3 terán o mesmo peso na final. Pero ningún dos 3 trimestres pode facer media se non obtivo un mínimo de 4 como calificación. O alumnado cunha nota menor de 4 terá que mellorar esta nota mediante repeticións dalgunha das creacións/exercicios ou repetir unha proba escrita.

*Haberá unha proba escrita de recuperación da 1ª avaliación ao escomezo do 2º trimestre. Igualmente, haberá unha recuperación da 2ª avaliación ao escomezo do 3º trimestre. Na 3ª avaliación farase esta recuperación antes das sesións de avaliacións.

* No caso de descubrir a unha persoa copiando nunha proba escrita se lle anularía e nesta porcentaxe levaría 0% a sumar có resto. Se lle da para aprobar xa pode quedar así. En caso de que queira poderse presentar á proba escrita de recuperación que terá lugar no escomezo do seguinte trimestre, a mesma oportunidade que se lle da o resto do alumnado do seu grupo.

*A competencia social e cívica será avaliada mediante observación directa cumplimentando unha lista de control un mínimo de 10 veces en cada trimestre. O desenrolo desta asignatura depende en gran medida de que cada persoa traia nas 2 citas semanais as ferramentas necesarias para levar á práctica as tarefas e proxectos. Si esto non é así, estará interrumpindo o normal desenrolo da clase, tanto a nivel social como persoal.

* Se nalgún trimestre non fose posible a avaliación mediante rúbrica dalgunha das competencias citadas se incrementaría nese valor a porcentaxe (%) do peso dos EA específicos.

* No cálculo do promedio dos EA específicos teránse en conta os estándares impartidos e non os programados.

*A *avaliación extraordinaria* de **setembro** consistirá nunha proba escrita. Terá que ser superada cunha cualificación igual ou superior a cinco (5). Dita proba será o único elemento a ter en conta para a superación da asignatura. Igualmente, para a elaboración de dita proba teranse en conta só os estándares impartidos durante o curso, non os programados.

PUNTO 8 . INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

Farase un seguimento periódico de todo o proceso de traballo no desenvolvemento da materia, de maneira que se poidan analizar as súas características os acertos os erros e as posibles modificacións que permitan a súa mellora.

Parte deste seguimento quedará reflectido nas actas de reunións periódica de departamento, nas que se fará un estudo máis pormenorizado de resultados académicos, por cursos, a final de trimestre, de cara a reflexionar sobre posibles cambios de mellora ou incidir máis en aspectos relevantes da materia que puideran quedar insuficientemente desenvolvidos.

PUNTO 9 . SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

@ alumnad@ que teña pendente de superación a materia de 1º ou 3º ESO se lles propondrá o seguinte plan de traballo:

a) Entrega de tres traballos escritos en decembro, febreiro e abril nos que @ alumn@ desenvolverá a partires dun guión que se lle proporciona, distintos aspectos salientables da materia.

Paralelamente, @ alumn@ resolverá tamén tres boletíns de exercicios e problemas respecto a lectura de imaxes, creación de mensaxes visuais e representación gráfica.

Farase un seguimento destas actividades con reunións có alumnado implicado que se celebrarán na biblioteca durante os recreos de varios mércores ao longo dos trimestres e nas que poden consultar as dúbidas que se presenten.

Finalmente, no mes de maio @ alumn@ deberá presentarse a unha proba escrita cuxos aspectos máis salientables serán seleccionados a partires dos traballos e boletíns que foi realizando ao longo do curso. Será preciso a obtención dunha nota de 5 para recuperar a materia pendente.

En caso contrario, @ alumn@ disporá dunha nova convocatoria no mes de setembro.

PUNTO 11 . DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EPEVA
-------	---------------------------	---------	-------

1ª PREGUNTA: Servíndote da gama de cores que creas conveniente, crea unha composición abstracta que transmita sensación de festa, de alegría.

2ª PREGUNTA: Fai un debuxo a base de liñas onduladas e coloréao cunha gama acromática, con varios tons de grises, branco e negro. Indica despois a sensación que transmite.

3ª PREGUNTA: Elabora unha composición con figuras xeométricas (por exemplo, círculos ou triángulos). Divide a túa composición pola metade e colorea as figuras da esquerda con cores primarias e as da parte dereita con cores secundarias. Utiliza lápices de cores.

4ª PREGUNTA: Debuxa cun rotulador ou lápiz de cor vermello as liñas de fuga e a liña do horizonte sobre a imaxe. Determina o punto de fuga sobre o horizonte.

5ª PREGUNTA: Identifica nas seguintes imaxes os elementos da comunicación visual: emisor, receptor, mensaxe, medio, así como o código que se utiliza.

6ª PREGUNTA: Realiza unha composición a base de puntos de diversas formas, tamaños e cores, de maneira que produza sensación de profundidade espacial.

7ª PREGUNTA: Traza unha cuadrícula, coa axuda da escuadra e do cartabón, trazando rectas paralelas e perpendiculares. (non ten que encher todo o recuadro, pero sí ser cuadrícula regular)

8ª PREGUNTA: Traza unha circunferencia e, dentro dela, debuxa unha figura con simetría radial a partir dun polígono estrelado de seis puntas. Colorea o resultado de forma simétrica!

9ª PREGUNTA: Fíxate nas imaxes das pinturas e identifica cal amosa formas orgánicas e cal xeométricas.

10ª PREGUNTA: Observa a seguinte fotografía e interprétaa, reproducéaa, usando só formas simplificadas e esquemáticas. Podes usar cores.

PUNTO 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	Edu. Plástica, Visual e Audiovisual (EPEVA)
--------------	---------------------------	----------------	---

A diversidade do alumnado resolverase nesta materia dentro da aula, en función das posibilidades que permita o número de alumnos e os seus distintos niveis e capacidades, que terán que ser abordadas por un só profesor.

Basicamente tratarase de afrontarse ás diferenzas mediante un trato personalizado dentro da aula e dando á materia un forte compoñente procedimental, de forma que se poidan resolver as dúbidas e problemas sobre a marcha e dentro do horario escolar.

Intentarase, mediante o desenvolvemento de exercicios prácticos iguais ou similares, que cada un faga as súas contribucións, segundo as súas calidades e tendo flexibilidade na obtención de resultados de maneira que, dentro do posible, a clase poida funcionar con variedade de ritmos de traballo e que a obtención dos resultados poida aproximarse ós distintos niveis detectados e a valoración final teña máis que ver co esforzo desenvolvido que co resultado obtido, sempre que se acade un nivel mínimo.

Non se contempla, en termos xerais, o emprego de distintos tipos de exercicios para os diferentes niveis detectados na clase, as prácticas nesta materia poden abordarse de formas moi distintas e acadando resultados moi diferentes, flexibilidade que pode adaptarse a moitos tipos de alumn@.

O que sí considero interesante e que pode axudar moito é a forma de agrupar ó alumnado, de maneira que a combinación de distintos niveis nun mesmo grupo, nunha materia tan visual, se se fomenta adecuadamente a colaboración, pode axudar moito a equilibrar e aproximar capacidades dispares.

PUNTO 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSÁIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal.

En relación coa educación para o consumo, analízanse criticamente as necesidades del consumo a traveso do coñecemento do deseño publicitario para intentar desenvolver unha actitude crítica e reflexiva ante os mensaxes que se reciben nos distintos medios.

Na educación ambiental pódense valorar as obras visuais creadas en relación co ambiente, analizando a mellora do contorno por medio de actuacións adecuadas.

Tamén fomentárase a valoración e conservación do patrimonio cultural, sensibilizando ós alumnos a traveso dunha actitude crítica e reflexiva.

A igualdade de sexos fomentárase valorando por igual os criterios aportados por alumnas e alumnos, evitando termos sexistas e analizando criticamente contidos que posúan carácter discriminatorio, como pode ser a publicidade que utiliza á muller como símbolo sexual.

Nesta materia tamén pódense abordar aspectos como a educación para a paz ou a saúde favorecendo a colaboración dos alumnos, o respecto polas opinións e solucións distintas das propias e o desenvolvemento emocional e a autoestima a traveso das capacidades expresivas e creativas.

PUNTO 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

As actividades complementarias centraríanse na realización de traballos creativos especiais que permitisen relacionar os aprendizaxes adquiridos con temas que se poidan extraer do contorno habitual do alumno. Podería tratarse da elaboración de propostas artísticas para temas relacionados co centro educativo, o barrio, a cidade, ou calquera outro contexto de interese que puidese xurdir.

Tamén abarcarían este tipo de actividades as saídas ó exterior para realizar visitas a obras de arte do contorno, cuestións relacionadas co patrimonio cultural ou exposicións de calquera tipo de representación artística, sempre que se considerase que ten interese educativo e pode ser apreciada e asimilada por alumnos das idades que comprende o sistema de ensinanza do que estamos tratando.

PUNTO 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	MATERIA	EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
--------------	---------------------------	----------------	--

Durante todo o curso farase un seguimento do proceso de aplicación da programación de cara a avaliar os seus posibles acertos, erros ou modificacións que se considere necesario efectuar na mesma.

As incidencias académicas faranse constar nas actas de reunión periódica do departamento e farase unha análise continuada sobre múltiples aspectos da mesma, observando cuestións que non funcionen ben, creen confusión ou dificulten a comprensión dos detalles nos que se quere incidir, ou prácticas que non resulten suficientemente claras ou non produzan os resultados previstos.

Tamén se terá en conta a adaptación do temario ós tempos previstos para a súa execución, acurtando ou alongando aspectos do mesmo para axustalos ó programado, ou polo contrario modificando os tempos previstos na programación para

darlle cabida a aspectos que non estaban previstos, pero que se observa o seu interese ó desenvolver o traballo de aula.

De todas as cuestión indicadas e doutras que poidan xurdir farase unha análise resumo a final de curso, para ver a forma de introducilos no seguinte ano, intentando encaixar os aspectos que se consideren relevantes, da mellor maneira posible na programación do curso vindeiro.